

Influencia da COVID-19 nas estimacións da EPA

A pandemia provocada pola COVID-19 e o estado de alarma, vixente durante a maior parte do segundo trimestre, así como as distintas fases da desescalada, tiveron importantes efectos sobre a Enquisa de Poboación Activa, tanto no que respecta á realización das entrevistas como á súa repercusión nas variables medidas pola Enquisa. Exponse a continuación unha serie de consideracións a ter en conta á hora de analizar os datos.

Traballadores afectados por un expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) como consecuencia da COVID-19

A consideración dos traballadores afectados por ERTE na EPA é acorde coas recomendacións da Organización Internacional do Traballo (OIT) e da Oficina Estatística da Unión Europea (EUROSTAT).

En concreto, segundo as especificacións de Eurostat para o caso dos ERTE, os suspendidos de emprego clasifícanse como ocupados cando existe unha garantía de reincorporación ao posto de traballo, unha vez finalizado o período de suspensión.

Unha serie de Reais Decretos¹ publicados durante a pandemia, que culmina co Real Decreto-lei 24/2020, de 26 de xuño, *de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industria*, establecen a dita garantía.

Pola súa parte, os traballadores afectados por un ERTE con redución de xornada son ocupados, reflectíndose dita redución nas horas de traballo realizadas.

Nas táboas difundidas da EPA atopárase información sobre ambos casos.

Impacto neste trimestre da definición de paro

Na situación de alarma, na que se produciu o cesamento de moitas actividades e o confinamento da poboación, moitos traballadores que perderon o seu emprego non puideron utilizar ningún método de busca por estar pechadas as empresas que poderían contratalos, ou estiveron imposibilitados para exercer a súa actividade como autónomos, ou ben non puideron incorporarse a un hipotético traballo por ter que permanecer na casa coidando das persoas dependentes da familia (nenos, anciáns, persoas con discapacidade, etc.)

¹ Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19; Real Decreto-lei 9/2020, do 27 de marzo polo que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados da COVID-19; Real Decreto-lei, de 12 de maio, de medidas sociais en defensa do emprego

O incumprimento dalgunha destas dúas condicións da definición de paro -busca de emprego e dispoñibilidade para traballar- determina que a persoa non se clasifique como parada na EPA senón como inactiva, o que contribúe ao incremento da categoría de inactivos neste trimestre.

Circunstancias ligadas ao traballo de campo

Durante todo o segundo trimestre, como xa sucedeu nas últimas semanas do trimestre anterior, debido á necesidade de substituír as entrevistas persoais por telefónicas co fin de evitar riscos para a saúde dos informantes e dos enquisadores, produciuse unha diminución do tamaño mostral das primeiras entrevistas, xa que non se dispón dos números de teléfono dos fogares que entran por primeira vez na mostra. Nas entrevistas sucesivas non houbo este efecto xa que se fan fundamentalmente por teléfono.

Adición de preguntas no segundo trimestre

Na EPA do segundo trimestre de 2020 engadíronse excepcionalmente preguntas sobre traballo no propio domicilio, causa pola que a persoa deixou ou perdeu o seu último emprego e horarios atípicos (na fin de semana, nocturno, etc.), das que habitualmente só se publican resultados anuais. Esta novidade ten como obxecto poder analizar con máis detalle as causas dos despidos ou supresións do posto de traballo e a xornada laboral dos traballadores das ocupacións consideradas esenciais durante o estado de alarma.

Efectos da COVID-19 na EPA de este trimestre

- Os resultados da EPA do segundo trimestre continúan a reflectir a situación derivada da pandemia
- A ocupación baixou en 32.600 persoas no segundo trimestre. Hai que ter en conta que esta cifra non inclúe aos afectados por un Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) con suspensión de emprego que, segundo a metodoloxía da Oficina Estatística da Unión Europea (Eurostat) e da Organización Internacional do Traballo (OIT) que se aplica na EPA, se consideran ocupados
- En cambio, a suspensión dos traballadores afectados por ERTE, xunto con outros tipos de ausencia do traballo (como paro parcial por razóns técnicas ou económicas, ou enfermidade, accidente ou incapacidade temporal), si se reflectiu no número de persoas que efectivamente traballaron no segundo trimestre. Do total de ocupados (1.050.400) o número de persoas que efectivamente traballaron no segundo trimestre redúcese á 749.900 (o 32,06% da poboación de 16 e máis anos).
- O 13,80% dos ocupados (145.000) traballaron desde o seu propio domicilio máis da metade dos días, fronte ao 5,47% observado no 2019.
- Pola súa parte, o paro baixa en 14.300 persoas. A taxa de paro sitúase no 11,9%. Hai que ter en conta que non todos os que perderon o seu emprego pasaron a clasificarse como parados segundo a definición da OIT. Unha parte considerable pasou á inactividade, categoría que aumenta en 47.100 persoas
- Este incremento da inactividade débese fundamentalmente a que o confinamento e o peche de empresas impediu a 75.500 persoas buscar emprego a pesar de estar dispoñibles para traballar. Por isto, non puideron cumprir todas as condicións que a definición da OIT esixe para ser clasificado como parado e quedaron clasificados como inactivos.
- Unha visión máis pormenorizada das transicións observadas entre ocupación, paro e inactividade obtense da Estatística de Fluxos, que reflicte que 37.200 ocupados e 50.100 parados do primeiro trimestre pasaron á inactividade no segundo. Non se produciu unha redución do emprego e do paro da mesma orde por mor da existencia de movementos en sentido contrario que compensaron parcialmente o descenso da actividade. Entre estes cabe salientar que 29.200 parados e 17.700 inactivos do primeiro trimestre atoparon emprego no segundo.